

NOTA DE PRENSA

Máis dun cento de psicólogos/as do conxunto do Estado acoden ás I Xornadas ata o 1 de outubro

Mañá comeza en Santiago de Compostela o principal encontro profesional sobre psicoloxía educativa

Santiago de Compostela, 29 de setembro de 2022.- Os días 30 de setembro e 1 de outubro, Santiago de Compostela acolle as **I Xornadas Galegas de Psicoloxía Educativa**, un importante encontro profesional deste ámbito no que participarán máis dun cento de psicólogos e psicólogas de todo o Estado. Baixo o título “**Psicoloxía educativa, sempre emocionando**”, este encontro que organiza o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia (COPG) pretende ofrecer unha panorámica dos diferentes eidos de intervención da psicoloxía nos contextos educativos.

O catedrático **Ángel Carracedo**, a decana do Colexio de Psicoloxía rioxano e coordinadora da Área de Psicoloxía Educativa do Consejo General de la Psicología, **Pilar Calvo**, ou o profesor e investigador da USC **Antonio Rial**, son algúns dos nomes que protagonizarán este encontro profesional que se celebrará na Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela.

O venres 30 abrirase a sesión ás 16:30h co acto inaugural que estará presidido pola **decana do COPG, M^a Rosa Álvarez**; o **reitor da USC, Antonio López**; o **presidente do Consejo General de la Psicología, Francisco Santolaya**; a **directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa, Judith Fernández Novoa**, e o **concelleiro de Educación, Mocidade e Política Lingüística do Concello de Santiago de Compostela, Rubén Prol**. A continuación, **Pilar Calvo**, psicóloga sanitaria e educativa e decana do Colexio de Psicoloxía da Ríoxa, ofrecerá a conferencia inaugural “Sen saúde psicolóxica non hai oportunidades educativas”.

A continuación, será o momento de falar da toma de decisións, un dos ámbitos por excelencia da psicoloxía educativa, no que intervirán tres psicólogas: **Carolina Tinajero**, profesora da USC; **Noelia Guerra**, orientadora laboral; e **Florentina Rivadulla**, orientadora. Xusto a continuación, o catedrático **Ángel Carracedo** ofrecerá unha das conferencias máis relevantes do programa, “Valores e emocións: a necesidade de cambio do modelo educativo”.

O psicólogo educativo e vicedecano do COPG, **Hipólito Puente**, será o responsable de abrir a xornada do sábado, coa conferencia “O camiño invisible da desmotivación escolar”. Xusto despois acollerase un simposio sobre a educación emocional e sexual, no que participarán tres psicólogas: **Belén Montesa**, experta en programas de educación afectivo-sexual; **Penélope Alonso**, sexóloga e experta en asesoramento e terapia sexolóxica; e **Ianire Estébanez**, experta en prevención de violencia de xénero na mocidade.

Pechará a sesión da mañá do sábado **Antonio Rial**, profesor da USC e doutor en Psicoloxía Social, ademais de director técnico da Unidade de Psicoloxía do Consumidor, que ofrecerá a conferencia

“Tecnoloxía e novas adicións na infancia e na adolescencia: saúde, convivencia e responsabilidade social”.

Durante a tarde do sábado ofreceranse catro obradoiros que estarán impartidos por psicólogas expertas en cada ámbito: sobre mediación, con **Ana M^a Ulloa Lage**; espectro autista, con **Marlene Horna Castiñeiras**; incidentes críticos en centros educativos, con **Olegaria Mosqueda Bueno e Concepción López Martín**; e supervivencia emocional para psicólogos/as, con **Iria Calleja Barcia e Carla Teixeira Lago**.

A clausura correrá por conta de **Pilar Calvo Pascual**, coordinadora da División de Psicología Educativa, **María José Sampedro Vizcaya**, decana da Facultade de Psicología da USC, e **Manuela del Palacio García**, presidenta do Comité Organizador.

Saúde mental na infancia e adolescencia

O Colexio Oficial de Psicología promove estas **I Xornadas Galegas de Psicología Educativa**, que contan co apoio da Consellería de Educación, o Consejo General de la Psicología e a USC. A aposta por este encontro profesional parte da necesidade de **visibilizar o papel da psicología educativa no contexto escolar**, para o acompañamento emocional dos nenos, nenas e adolescente nunha complexa conxuntura social. A saúde mental dos máis novos e novas, actualmente, está a espertar moita preocupación, polo seu deterioro a partir da pandemia.

Diversos estudos apuntan a que **máis da metade dos trastornos mentais comezan nesta etapa evolutiva**, polo que se non se detectan nin se abordan nesta etapa é máis fácil que se cronifiquen e incluso se agraven. Desde o COPG sinalase que **a psicología é a grande ausente do sistema educativo**, e que é imprescindible a incorporación da figura profesional da psicóloga ou psicólogo educativo para diminuír o fracaso escolar e coidar da saúde mental do alumnado, e así ter unha sociedade máis saudable.

Máis información en xornadaspsicologiaeducativa.copgalicia.gal

Contacto para os medios de comunicación:

Eliana Martins | 699 908 968 | comunicacion@copgalicia.gal